

onda perseveira



Dende



, unha nova fiestra!

IX XORNADAS DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA
Biblioteca Fraga de Novio. IES de Porto do Son

Sonia Ces García

<https://ondaperseveira.wordpress.com/author/etikeles/>

<http://etikeles.blogaliza.org/>



IES DE PORTO DO SON

a comunicación!





Seleccionados para "Radio na biblio"

Cos enredos de cursos, xornadas, exames e a ponte, aínda traemos hoxe aquí a nova: estamos **entre os 20 centros seleccionados pola Consellería** para participar no programa "RADIO NA BIBLIO". Xa que andamos co tema da COMUNICACIÓN, habemos facer bo uso desta oportunidade que permitirá que profesorado e alumnado nos formemos para dar pulo á PALABRA!!!



EN DESTAQUE

Bibliotecas
escolares
de Galicia



A biblioteca,
motor de
aprendizaxe e
innovación

A formación do profesorado



A formación do alumnado



Con Javier Prado

Rede
ESPORA



...e tamén a formación do alumnado

🎤 Con Roberto Casal e Akira Valero no Samaín,
radioteatro: [Unha noite de samaín](#)



e na Semana Cultural



Con Javier Prado



Con Roberto Casal e Akira Valero,

radioteatro: [*Ouigha con Castelao e compañía*](#)

(coa colaboración da Área de Xuventude do Concello)






Con Manuel Vicente García de [Divulgación](#) e [Efervesciencia](#),
obradoiro de Radio Científica





🎤 O alumnado xa formado: "técnicos" que ensinan aos compañeiros.





Canles de publicación


Onda Perseveira [en Ivoox](#)





← → ↻ https://pt.ivoox.com/pt/podcast-onda-perseveira_sq_f1566178_1.html ☆ 

ivoox HOME EXPLORAR PESQUISAR **DESCARGAR A APP**  UPLOAD  ONDA PERSEVEIRA

Home > onda perseveira > radio perseveira > onda perseveira

 **onda perseveira**
PODCAST


Por [onda perseveira](#) | [En radio perseveira](#) |  23 |  886 | ★★★


Onda Perseveira, onda IESon, onda ti, desde o IES do Porto do Son. Radios **Show** ▾


[Subscribe](#) [Comment](#) [Share](#) [RSS](#) [Collaborate](#)

[Episodes](#) [Comments](#) [Likes](#)

Filter ▾

Episode in **onda perseveira**
 Falamos de videoxogos @

Episode in **onda perseveira**
 O Museo Marea no roteiro

Episode in **onda perseveira**
 Ruta da auga: o faro de

O blog de Onda Perseveira



Aquí, aprendendo radio con Javier Prado!

O curso pasado andábatmos co tema da Comunicación. Comezamos Radio na Biblio. Podíamolo. Dóronosolo! E comezamos a formación con Javier Prado, de **Rede Espora**, a quen escollíamnos Ilustrar e audiolibro ramhas acoradas de bibliotecas. O entidábase pola radio que transmite daquela, foi o que nos íbo chegar no centro. E run só a nós, tamén outros centros de Galicia adiante se unían ás Ondas.

Aquí vos compartimos o vídeo-resumo da actividade que Javier nos ensinou estes días. Salmos cantando e facendo probas. Profes e profas no minuto 1:23. Os mozos e as mozas, no 5:02.

Un proxecto ben ilustrante que continuaremos neste curso. Vin para quedar no nivel!



Publicado el 24 octubre, 2018 por [etibales](#)
Publicado en [Formación en radio](#)
Etiquetas [Biblioteca de IES de Porto do Son](#), [Formación](#), [Javier Prado](#), [Onda Perseveira](#), [Rede Espora](#), [Video-resumo Radio na Biblio](#).

BUSCA

Buscar ...

CATEGORÍAS

Elige categoría

RADIO NA BIBLIO



EDLG

Equipos de
Dinamización
do Língua Galega

Os produtos



Os podcasts comezaron a gravarse a partir de marzo.



Dende Lingua Galega, Filosofía (na materia e en Valores Éticos e Oratoria), Lingua Castelá, Latín, Historia, Plástica (ITI)... e o equipo de biblioteca co club de lectura.



Probas de gravación, de aprendizaxe.

Podcasts publicados

🎙️ Con alumnado dos clubs de lectura:



🎙️ O resultado da formación: ["Lanzando redes"](#)





Poemas de Carlos Negro en Onda Perseveira

Os mozos e mozas do **club de lectura** dos máis novos andan a aprender nas ondas, nas ondas da **radio**. E quixeron facelo recitando algúns dos **poemas** que máis lles gustaron de **Carlos Negro**. Escolléronos de *Makinaria*, *Penúltimas tendencias* e *Masculino Singular*.



Aquí vos deixamos o podcast:





No Proxecto dos roteiros sobre o entorno en
1º e 2º de ESO

ENLACES	ROTEIROS
	1º ESO. ROTEIRO DA AUGA.
	2º ESO. ROTEIRO DO CASTRO.
	3º ESO. ROTEIRO A FONTANDURÍN
	IMPRESOS MAT
	FARO DE CAAVEIRO
	IGREXA DO LORETO
	EDAR
	MERENDEIRO DO LORETO
	PRAIA DE AGUIEIRA
	CANS

Un camiño ata a Ponte de Cans (Nebra), pola natureza, a historia,

Ruta da auga: o faro de Cabeiro

Elena, Antía e Nuria e Carla investigaron na materia de ITI sobre o faro de Cabeiro, unha das paradas que fixeron na ruta da auga. Foi unha das primeiras probas coa radio, alá polo mes de marzo.

Lingua
Galega
1ESO



[Go to download](#)



Oratoria 1ESO

Consumo responsable de auga



O alumnado da materia de Oratoria de 1º ESO A traballou, en relación co tema transversal da ruta da auga, sobre a sostiabilidade e a necesidade de realizar un consumo responsable deste recurso. A partir das investigacións e as reflexións, gravaron podcasts para Onda Perseveira. Queren compartilos connosco!!!!

Grazas a Xiana, Noa, Janira, Lara e Patricia polos seus consellos tan útiles!



[Go to download](#)

Silvia, Rut, Franco, Susana e Ana tratan das consecuencias do consumo non considerado da auga:



[Go to download](#)

Valeria, Adán, Jose, Xulia e Samuel infórmanos sobre os tipos de contaminación e danos consellos para reduci-la:



[Go to download](#)

Lois, Julia, Javier e Simón completan os datos sobre a repercusión da contaminación na auga e animannos a tomar medidas para o futuro:



[Ir a descargar](#)

Só queda entón poñer en marcha a nosa capacidade crítica e ACTUAR!!!

Fonforrón, a praia e as súas lendas

O alumnado de 2º de ESO, dentro do proxecto de desenvolvemento da Ruta que fixeron a comezo de curso dende a praia do Dique ata o instituto, investigaron sobre a praia de Fonforrón e as súas lendas. Foi o tema que escolleron para achegarse ás ondas, a Onda Perseveira!



dav

Lingua Galega 2ESO

Érika, Isma e Juan Carlos describennos o areal, fálannos da súa historia e das lendas:



[Go to download](#)

Mariña, Alicia e Alex Vilas recollen para nós a lenda do castelo de Pilatos:



[Go to download](#)

E como as historias foron sempre de boca en boca, e van medrando con variacións, conformando o imaxinario do pobo, Martina, Adrián e Borja, dan a súa versión das lendas:



[Go to download](#)

E tirando do nobelo, Pili, Ángel, Álex Vazquez e Juan:



[Go to download](#)

O nobelo da oralidade que chega ata Valeria e Ramón. Por eles sabemos que a praia de Fonforrón é lugar de piratas, ciclopes, fuxidos, maleantes e contrabandistas. Mais tamén do monstro mariño que habita na cova.



[Go to download](#)

O Museo Marea na Ruta da pedra, a auga e a memoria



ITI 2ESO

A comezo de curso o alumnado de 2º de ESO fixo a “Ruta da pedra, a auga e a memoria”, que partía da praia do Dique e finalizaba no IES de Porto do Son. Unha das paradas deste roteiro foi o [Museo Marea](#). Na materia de ITI Lois, Joel, Noel e Pablo completaron o que aprenderon na saída e agora cóntannolo en Onda Perseveira!




[Go to download](#)




Programas de distintas materias

Falamos de videoxogos



ITI 2ESO

Roberto, Angelina, Kevin, Alonso e Iván, nunha das primeiras probas coa radio en ITI, faláronnos dun tema que nos interesa, mesmo ás veces nos preocupa: os videoxogos. Cóntannos daqueles videoxogos que máis usan e pouco a pouco vaíse xerando un debate, unha reflexión crítica sobre a violencia, o machismo, a idade á que comezaron a entreterse con eles, como chegaron a eles ou o papel dos pais. Citan o GTA (!!!), Ace of Mythology, Undertale... Pois iso, para pensar mentres se o escoitamos. Dá para unha boa charla!



[Go to download](#)

Latín e Cultura Clásica

Connosco o latín!

As alumnas de Latín de 4º de ESO xa saben que o latín segue a estar moi presente nas nosas vidas. Neste podcast de Onda Perseveira tratarán de amosárvolo tamén a vós empregando latinismos nalgúns textos e analizando o nome dalgúñas marcas. Xa que andamos co tema da Comunicación, que mellor forma de traballalo, cun pé nas linguas clásicas e outro na actualidade, e que mellor forma de contalo que facelo na radio!

O latín, connosco!!!



O Olimpo, Eris e Atenea

Poden ser **os deuses do Olimpo** interesantes? Pois claro, ben o saben as alumnas de 4º de ESO. Sara Rocha, antiga alumna do centro e agora alumna en prácticas no Departamento de Latín e Grefo, faloulles con entusiasmo dos mitos e elas achegáronse á radio para contarnos que lle pasou a **Eris** coa mazá da discordia ou como foi o nacemento de **Atenea**, esa deusa guerreira. E tamén das palabras que beben da mitoloxía! Viaxamos con elas ao Olimpo!!!



Lingua Galega e Oratoria

Nas ondas no Día Mundial da Radio con Billy Jean King!!!

Como ben sabedes, estamos a formarnos para traballar a Radio no centro. Fomos seleccionados entre os **20 centros** que desenvolverán o proxecto Radio na Biblio, da Consellería de Educación. Somos concientes da valía deste recurso para garantir que o noso alumnado acade as competencias que marca o currículo, e, ademais, facéndoos dun xeito dinámico, motivador, enriquecedor na convivencia.....!!!



Mulleres
Nas súas marcas

DÍA MUNDIAL DA RADIO | 13 FEBREIRO 2018 | GALICIA



Rede
ESPORA
Escolas Pola Radio

Javier Prado, de **Rede Espora**, é quen nos vai guiando no camiño. Co seu entusiasmo caracterizador, pediunos que fixésemos xa a nosa primeira emisión participando no **Día Mundial da Radio, o 13 de febreiro**. A campaña que este ano promove a UNESCO, **As mulleres deportistas nas súas marcas**, pretende visibilizar os seus éxitos e o seu traballo, tan pouco presente nos medios de comunicación. Non fixo falta moito para que nos apuntásemos! O tema pagaba a pena e... alá fomos cunha das nosas primeiras sesións radiofónicas. Na páxina da campaña, recóllese a **experiencia**: o proceso, os centros que colaboramos e o podcast coas voces de alumnas dos distintos centros que poñen voz ás mulleres deportistas.



Nós enviamos tres propostas de gravación: a de Uxía, Noa e Xiana. Fixérono moi ben as tres, tendo en conta que era a súa primeira experiencia. Dende **Radio Espora** seleccionaron a **gravación de Uxía para dar voz á tenista Billy Jean King**, xunto coas das mozas doutros centros que axudaron a visibilizar estas mulleres.



MARÍA VITORIA MORENO VISITA ONDA PERSEVEIRA!!

O mes de maio, co Día das Letras Galegas como marco, foi un mes de lectura e traballo sobre **Anagnórise** para o alumnado de 3º ESO. Lemos a obra, asistimos á **representación teatral de Limiar Teatro**, puidemos saber máis da súa vida e a súa obra pola **exposición da biblioteca** e, en 3º ESO A e B, realizaron guións de radio a partir dunha tarefa de aula. As aulas son numerosas e os tempos limitados cara a final de curso. Pero por fin, nesta última semana de curso puidemos gravar un dos programas. Foi unha primeira experiencia para Érika, María, Iria e Alén. Por alí estiveron tamén Clara, Rita e Martín. Deu para unhas boas risas!!!

Lingua Galega

3ESO

Exemplo de proceso de
produción sonora



Pois aí vai! En primicia para todos vós, **entrevista a María Vitoria Moreno** e os personaxes principais da súa obra, **Nicolau Aris e Xulia Andrade** que este luns visitaron Onda Perseveira!




[Go to download](#)

Anagnórise



Tras breves estadias en Lugo e Vilalonga a principios dos anos 60 comezou a dar clase en Pontevedra nos institutos Valle-Inclán e Torrente Ballester. A este último cedeu a súa enorme biblioteca persoal.



Limiar Teatro
(E. Galaxia)



Obxectivos

Realizar unha lectura comprensiva da obra

Procurar información e reelaborala

Traballar en equipo

Corrixir a expresión lingüística escrita e oral

Coñecer o proceso de creación dun podcast

Reforzar a utilización do Classroom e o Drive para o traballo individual e colaborativo

Reforzar a utilización dos correctores en liña na produción textual



- 15. Descripción
- 15. Rexurdimento
- 16. Adverbios e preposicó...
- 2. Ferramentas comúns d...
- 3. Lecturas**
- 4. Lingua e sociedade
- 5. Ortografía
- 6. Práctica de creación tex...



Sonia Ces Garcia
3 abr. (Última modificación: 8 abr.)

3. Lecturas

Límite de entrega: 3 may. 20:00

TAREFA SOBRE ANAGNÓRISE

Teredes que facer de guionistas dun programa de radio sobre a obra. As pautas achégansevos no arquivo adxunto.

Escoitade o podcast do programa da RTVG

"Chamando a Terra" na que María Solar entrevista a Héctor Cajaraville.

Escoitade o "Telexornal" que fixeron sobre a autora os alumnos e alumnas do CPI Os Dices, de Rois. Non deixedes de velo, seravos útil.

Selección do mellor guión

Selección de **7 persoas** (inviabile cos 29 alumnos/as):

- as dúas alumnas que realizaron o guión seleccionado.
- dúas alumnas que fixeran tamén moi ben a tarefa.
- un alumno con boa voz para o papel de Nicolau.
- "técnicos-axudantes" (alumnos do club de lectura e do grupo de teatro).

Gravación a final de curso
Publicación do podcast
Presentación aos compañeiros



TAREFA SOBRE ANAGNÓRISE DE Mª VICTORIA MORENO.docx

Word



Enlace

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/chamando-a-terra-chamando-a-terra...>



Telexornal María Victoria Moreno

Vídeo de YouTube 16 minutos

Exemplo de guiión dado ao alumnado

TEMPO	QUE SUCEDE?	QUEN FALA?	QUE DI?
30"	Sintonía (temos unha para a nosa radio)		
10" /15"	Presentación	Por ex. Diana, a presentadora	Ben vidos a unha nova emisión de Onda Perseveira, onda til, a radio do IES de Porto do Son
5"	Sintonía (pódese repetir, ou non incluía).		
10"	introdución	Diana, a presentadora	Por ex. Hoxe temos na nosa radio a tres visitantes de excepción, María Victoria Moreno, Nicolau Arís e Xulia Andrade... Bo día aos tres (etc).
10"	Información	M. Victoria	Por ex. Bo día Diana, o pracer é noso. Estamos moi contentos de poder participar nun programa de libros sobre a nosa obra, <i>Anagnórise</i> (etc).
5"	Información	Nicolau	Bo día...
5"	Información	Xulia	Bo día..
10"	Información	Diana	Pregunta...
10"	Despedida	Diana	Un programa ben entretido... (etc)

Tarefa

Tras ler a obra, teredes que elaborar un **guión dun programa** de radio nos que participen:

- O/a presentador/a e tres entrevistados (como mínimo): **M^a Victoria Moreno, Nicolau Arís e Xulia Andrade.** Os tres visitan a radio de Porto do Son.
- Redactaredes o guión do programa seguindo o exemplo que se vos aporta. Lembraide que este ano M^a Victoria Moreno é a autora homenaxeada no Día das Letras Galegas. Na páxina da Real Academia* e na exposición da biblioteca atoparedes información sobre esta escritora. Tamén vos engado o Telexornal María Vitoria Moreno do CPI Os Dices de Rois.
- Podedes facelo individualmente, por parellas ou en grupos de 3 persoas. Eu recoméndovos que sexades, cando menos, dúas persoas. Poñede con claridade os nomes das persoas que realizades o traballo.
- Non é preciso que vos xuntedes. Podedes facelo **a través do Drive,** cun documento compartido. Xa sabedes, escribide en cores distintas para identificar o que aporta cada un/unha. Logo debedes unificar e facer xuntos a revisión.
- **Entregarédelo polo Classroom** ou a través do correo electrónico non máis tarde do xoves 3 de maio ás 20:00h. Non o deixedes para o último día.

- **Valoración:**

- A información aportada: investigación sobre a autora e comprensión da obra a partir das cuestións realizadas á autora e aos protagonistas. Debedes probar a lectura. (0,6)
- Corrección lingüística. Usade os correctores. (0,3)
- Puntualidade na realización. (0,1) Pasados tres días lectivos da materia a puntuación pasará a ser 0,5 puntos.
- 1 punto sobre a nota total da avaliación. Un día de retraso suporá 0,1 menos, dous días 0,2 e pasados tres días lectivos da materia a puntuación pasará a ser 0,5 puntos. Premiarase con 0,2 puntos a maiores a entrega con antelación.
- Os mellores programas gravarémolos na radio (ou un, se non tivésemos tempo a gravar varios).
- Achégovos o enlace a un programa* de radio que vos pode servir de exemplo.

*Enlaces que se lles pasaron:

- Entrevista a Héctor Cajaraville en "Chamando á Terra" emitido o 03/02/2018 -15:37h <http://www.crtvg.es/rg/destacados/chamando-a-terra-chamando-a-terra-do-dia-03-02-2018-3635771>
- Telexornal María Vitoria Moreno do CPI Os Dices de Rois: https://www.youtube.com/watch?v=B53BqhB8O_0



Pois aí vai! En primicia para todos vós, **entrevista a María Vitoria Moreno** e os personaxes principais da súa obra, **Nicolau Arís** e **Xulia Andrade** que este luns visitaron Onda Perseveira!



Que supón Onda Perseveira para o profesorado?

Un recurso de aprendizaxe na liña dos **obxectivos** do equipo de **biblioteca** e da **dirección do centro**.

Favorece:

- a mellora das **competencias informacionais e mediáticas**
- a mellora na **expresión oral**
- a alfabetización múltiple
- o traballo en **equipo**
- un **clima** de aprendizaxe **motivador**
- a dinamización da **lingua galega**
- ...

Que supón Onda Perseveira para o alumnado?

“Resúltame **útil e interesante**. Ás veces que fun paseino ben, **aprendín moito** e foi un rato moi ameno. O ano pasado, en **ITI**, fixemos **traballos en grupo** relacionados coa radio e o noso grupo redactou **varios guións**, aínda que só gravamos un”. (Carmen Calo, 3º ESO)

“Gustoume, aprendemos, ou polo menos eu, a soltarnos máis e **non ter** tanta vergoña ao **falar en público** ou ao **recitar**.” (Susana, 3º ESO)

“A min pareceume unha oportunidade nova para **disfrutar da tecnoloxía**. O ano pasado gravabamos as nosas voces e con distorsionadores de voz cambiabámola, e a min parecíame graciosísimo.

É moi **fácil** aprender a **usala**; a min ensinoume Fernando e nunha clase xa a manexaba.

Se nun recreo ou nunha clase tes que usala, só tes que dicirllo ao director e é darache **a chave** para que poidas ir traballar, pero respectando o material. É **superfácil acceder** a ela!

É unha **vantaxe** tela no instituto, pois permite facer moitas cousas. (Lois, 3º ESO)

E agora *hai que*...

Incorporar a radio **nos documentos** de centro: TIL, PLAN TIC, Proxecto Lector, Plan Anual de Lectura, programacións, NOF.

Continuar coa **formación do profesorado**:

- ampliála (mellora nos procesos de produción)
- chegar a máis profesorado

Continuar coa **formación do alumnado**:

(en radio, en técnicas de oralidade...)

Documento de reserva da aula

Aproveitar a proximidade da aula TIC /Space Maker?

Establecer colaboracións entre profesorado (atención do



Establecer unha **liña de "programación"** máis ou menos estable

nos roteiros

nos clubs de lectura

nos proxectos

na práctica de aula...

actualidade

entrevistas

lecturas,
opinión,
recomendacións,
recitados...

actividades
do centro

música

Organizar xeitos e tempos de uso:

Documento de reserva da aula

Documento con indicacións prácticas (gravar, montar, subir a ivoox, publicar no blog...)

Establecer **colaboracións entre profesorado** (atención do alumnado, investigación, etc.)


Xerar **dinámicas autónomas** de emprego da radio entre o **alumnado**



O espaço



Personalizar o **espazo**, facelo cómodo, acolledor...



Integralo


Relación provisional de centros docentes admitidos no programa "Espazos Maker"

A biblioteca e a radio co "Espazo Maker"

Código	Nome do centro	Concello	Provincia
15006730	IES Sofía Casanova	Ferrol	A Coruña
15008039	CPI Plurilingüe Cernadas de Castro	Lousame	A Coruña
15025301	IES Arcebispo Xelmírez II	Santiago de Compostela	A Coruña
15025611	IES Monte das Moas	A Coruña	A Coruña
15026029	IES Isaac Díaz Pardo	Sada	A Coruña
15026753	IES A Pontevedriña	Santiago de Compostela	A Coruña
15027091	IES de Porto do Son	Porto do Son	A Coruña
36018379	IES A Xunqueira II	Pontevedra	Pontevedra
36018461	IES República Oriental do Uruguai	Vigo	Pontevedra
36019657	IES Primeiro de Marzo	Baiona	Pontevedra

Temos os medios,
agora a servirnos deles,
non a servirlos a eles.

Paseniño...



Grazas!!!

Fragmento dun mural de
Camilo Díaz Valiño para a
inauguración da emisora
de radio de S. Domingo de
Bonaval (1933)

